



"Perder a curiosidade é das peores desgrazas que lle poden pasar a unha persoa"

[Ana G. Liste](#)

26 de decembro de 2025

<https://praza.gal/cultura/perder-a-curiosidade-e-das-peores-desgrazas-que-lle-poden-pasar-a-unha-persoa>

A creación literaria segue a ser o espazo de máis liberdade da vida de Gonzalo Hermo, que publica 'Un xesto de tenrura' (Chan da pólvora), un poemario "tímido" que chega da man da experiencia de observar a súa vida dende outro lugar

"O traballo artístico necesita ausencia de ruído", asegura **Gonzalo Hermo** (Taragoña, Rianxo, 1987), [Premio Nacional de Poesía Moza Miguel Hernández](#) en 2014 con *Celebración* (Apiario), que publica agora un novo poemario, ***Un xesto de tenrura*** (Chan da pólvora), tras sete anos dende *A vida salvaxe*, co que obtivo o XVI Premio Poesía Afundación 2018. Neste anos, nos que emigrou a Catalunya, confirmou que a creación literaria segue a ser o espazo de máis liberdade da súa vida.

Hermo presentou o libro no marco da feira Culturgal xunto ás poetas Míriam Ferradán e Oriana Méndez, que formaron parte do xurado do **XXII Premio Miguel González Garcés**, que escolleu por unanimidade os poemas do de Rianxo entre os numerosos inéditos presentados. Este sábado, 27 de decembro, a partir das doce e media do mediodía **asinará** exemplares do libro na librería Numax, en Compostela.

Para Gonzalo Hermo a figura das residencias literarias, que está a medrar no país, é a ferramenta ideal para dispoñer das condicións materiais e económicas para crear, como defende a tamén poeta [Yolanda Castaño](#). "Creo que Galicia está vendo un cambio, que a aposta vai ir máis por a liña das residencias e dar aos escritores ese espazo que necesitan para producir, para escribir", afirma.

A maiores desas necesarias condicións materiais, pensa que para poder crear nestes tempos tamén é preciso poder apartarse un pouco do ritmo imposto polo capitalismo e, con iso, mesmo das redes sociais?

Si, penso que é así. O que nunca pensei é que defender a privacidade fose un elemento emancipador, o mundo nunca deixa de sorprendeme. Pero, efectivamente, estamos moi expostos e considero que o sistema, para bater contra nós, anímanos a repregarnos sobre nós mesmos e despois a expoñer iso aos demais. Nesas condicións, cando menos para min, o feito creativo non aparece. Nesas condicións non se produce. Por iso o modelo das residencias funciona, porque permite o illamento, suspender o ruído do mundo e escribir.

Conta que estes poemas de *Un xesto de tenrura* non poderían existir de non marchar fóra, de non emigrar no seu caso a Catalunya.

Ben, é que ultimamente tendo a valorar todas as posturas da miña vida en función diso, pero ao que me refiro é que o libro está marcado por un cambio profundo na miña relación co galego, co idioma. Porque xa hai moitos anos que non vivo en Galicia e o galego pasou de ser a lingua na que me expresaba na miña vida cotiá, a ser a lingua na que penso e na que escribo. E creo que ese desprazamento explica boa parte das dinámicas deste poemario e, incluso, do seu ton.

E como encaixa isto vivindo nun país que tamén se está a revolver para defender a súa lingua propia, iniciando se cadra un camiño de sobra coñecido en Galicia?

É unha situación que me produce unha certa sensación de estrañamento. Que en realidade é a sensación de estrañamento que ten calquera emigrante. Non é nada especial. Sempre digo que cada país ten dereito a camiñar o seu propio camiño. Non son moi proclive a comparar ou a ver espellos entre a realidade galega e catalá porque creo que son absolutamente distintas, pero na medida en que vivo en Catalunya estou sufrindo o que pasa coa lingua catalá e, polo tanto, como cidadán loito por ela. Con todo, insisto en que moitas veces necesitamos espellos e en realidade as condicións do idioma non son as mesmas; polo tanto, os camiños non teñen por que ser os mesmos. Cada país cunha lingua minorizada debe desenvolver o seu camiño para restituír o seu idioma.

Na conversa que mantivo en Culturgal con Oriana Méndez e Míriam Ferradáns, conducida pola xornalista Susana Pedreira, comentaron un fenómeno que semella inherente ao feito de marchar a vivir fóra, que é precisamente esa tendencia a comparar como foi a vida dun nun sitio e como é no outro. Aí vostede apuntou a idea de “sobredimensionar” a vida, como é iso?

Cando marchas, no meu caso ademais sen unha perspectiva de volver inmediata, prodúcese algo que está moi presente no libro, que é que a memoria convértese nunha forma de distancia. A túa memoria persoal está noutro lugar, non convives coas pantasma da túa vida porque marchaches a outro lugar. Estás xerando outra forma de memoria que a longo prazo tamén terá lugar no espazo onde vivas, no meu caso en Catalunya; pero de momento a miña memoria é galega. Entón, creo que boa parte das dinámicas deste libro, o seu ton e incluso os temas escollidos teñen que ver co feito de entender que a memoria está vencellada a unha distancia que é física.

Polo tanto, a escrita deste libro foi un exercicio de memoria?

Ten moito que ver coa memoria, si. Tamén co corpo entendido como un arquivo de memoria. O corpo está tremendamente presente, é ese espazo onde, desde o meu punto de vista, albergamos experiencias e onde tamén nos reencontramos con aquilo que fomos e que, dalgún xeito, seguimos sendo, pero non da mesma maneira. É un libro escrito fundamentalmente desde a memoria.

***e ti achégaste a min / co corazón gravado nas pupilas.* Estes versos do poema *O mundo é grande cando o lembro* dan conta dos amores presentes no libro, vinculados coa memoria e, precisamente, tratados dende o corpo.**

O libro propón a tenrura, o amor, dende o título. Pero o amor como un xeito de saír de nós mesmos e acoller ao outro. Neste sentido, penso que o libro –a pesar de que está reformulado desde a memoria persoal– non é confesional, ou non é un libro que pretenda curar unha ferida, senón que é unha procura no pasado, na memoria, deses momentos nos que se produciu unha apertura ou outro. Momentos onde hai unha experiencia amorosa, pero tamén os primeiros asombros ante o mundo. A capacidade –a través da memoria– de recuperar ese asombro ante o mundo que só se pode producir cando un está aberto ao mundo, cando un está aberto aos demais e ás cousas. Digamos que é un exercicio de memoria non narcisista.

Pero que difícil é esa apertura ao mundo e aos outros cando se van facendo anos... Abrir as vulnerabilidades dunha, expoñerse sen que sexa doutrina nin obriga do sistema, como sinalaba ao comezo da conversa.

É complicado e co tempo faise máis complicado aínda, por iso nos poemas está moi presente a infancia, cando un descobre o mundo. Hai tamén un desexo de non perder esa mirada. Un poema do libro titúlase *A mirada* e fala de que ás veces cómpre mirar as cousas dúas e tres veces. Creo que nesa mirada máis detida podemos reencontrarnos con ese neno que descobre o mundo para non perder a curiosidade, que para min é das peores desgrazas que lle poden pasar a unha persoa. Máis alá da saúde, que penso que é evidente, creo que o peor que che pode pasar é caer nun estado depresivo e perder a curiosidade ante o mundo, esa mirada de neno. Ademais, estou convencido de que ao sistema non lle interesa que a teñamos.

Como foi o proceso de escrita destes poemas?

Foi un proceso de varios anos, son poemas que saíron aos poucos. Cada libro é unha experiencia totalmente distinta, é moi alucinante. Por exemplo, lémbrome que *Celebración* (Apiario, 2014) si que foi un libro que saíu moi de repente, en moi pouco tempo. Pero eu penso que o traballo de escrita non consiste exactamente no momento en que estás escribindo un libro, polo tanto, sempre hai un proceso de tempo. Pero si que é certo que *Celebración* saíu moi a chorro, como un río. E *Un xesto de tenrura* é lento, custoulle saír e, nese sentido, creo que é un libro tímido. Ía saíndo un poema, máis tarde outro... En cambio, a conciencia era de ter un proxecto: os poemas apuntaban na mesma dirección.

Ve unha conexión entre o Gonzalo Herme de *Crac* (Premio Xuventude Crea 2010) ou *Celebración* e o de *Un xesto de tenrura*?

É unha poesía diferente. *Celebración* foi importante, evidentemente, pero para min non ten que ver exactamente coa experiencia de creación dun libro, senón con todo o que xerou despois ao obter un premio nacional, o premio da crítica... Púxome no panorama e sempre será un libro, independentemente de como eu o experimente a nivel máis interno, moi importante para min como poeta. Ademais, as bases da miña poética están en *Celebración*. Neste sentido, *Un xesto de tenrura* é moito máis sobrio, é un libro que aspira a ser transparente sen perder complexidade, algo que por exemplo en *Celebración* non estaba.

Visto con perspectiva, ata que punto lle influíu o recoñecemento do premio do Ministerio de Cultura con *Celebración*?

Ese momento vivino con moita alegría, aproveiteino moito, pero tampouco decidín facer un camiño de profesionalización da miña carreira a partir del, cousa que se cadra tampouco estaba na miña man; pero si que había unha posibilidade de facelo e houbo un momento no que decidín que iso non podía pasar porque estaba condicionando a miña escrita. O propio feito de estar tan exposto a todo o aparato literario estaba facendo que eu non escribise, ou que escribise cousas nas que non me recoñecía. Tiven que facer unha aposta vital, e literaria, que foi buscar as condicións para poder vivir de maneira que poida escribir sen ter que estar participando constantemente de todo ese aparato literario; que me parece moi ben a xente que o fai, pero eu penso que non me ía permitir ser o escritor que quería.

***Súplica*, o poema que lle dedica a Xosé Luís Méndez Ferrín, está chamado a converterse en icónico na literatura galega. *Tempo, / sé xeneroso comigo* son uns versos que aparecen na propia capa do libro e que están a sobresaír nas primeiras lecturas do poemario. Como naceu este poema?**

Para min é un poema tremendamente especial, e que a xente o estea recibindo tamén o é. Este poema é unha súplica ao tempo, un imposible que só o poema pode concibir, que é falar de ti a ti co tempo e pedirlle que sexa bo contigo. Non podemos facer isto porque o tempo non é unha persoa coa que poidamos dialogar e, ademais, habitualmente non é xeneroso, pero a poesía permite isto. Escribino en homenaxe a Ferrín, que ten moi presente un poema del que se titula *En las orillas del Sar*, que está en *Estirpe*, se non me engano. Un poema no que esencialmente Ferrín fai o mesmo, aínda que ti poidas coller ambos poemas e non decatarte en absoluto. Para min este poema tamén é importante porque creo que Ferrín é o piar da poesía galega contemporánea.

Que importante nomearnos e recoñecervos entre vós para tecer esa rede que chamamos poesía galega, para que sexa máis ca unha etiqueta.

Claro, é que a miña tradición literaria ten uns piares, e un deles é Ferrín. Como fixen Filoloxía teño moita conciencia do que é a historia literaria porque a tiven que estudar, non foi só como lector; e para min Ferrín é o piar do que despois fomos bebendo os demais. Así é como entendo eu a miña tradición, pois penso que un poeta cada vez que escribe está formulando a súa tradición, que non ten que coincidir coa doutros contemporáneos.